

## Solidariedade cos detidos da CUT

Â O Secretariado Permanente da Federación Local de Vigo da Confederación Xeral do Traballo diante da detención a semana pasada de dous compañeiros da Central Unitaria de Traballadores quere manifestar á opinión pública e ao conxunto dos traballadores/as o seguinte:

- 1.- Amosar a nosa solidariedade cos compañeiros detidos, as súas familias e coa Central Unitaria de Traballadores.
- 2.- Nun estado de dereito un dos principios fundamentais é a presunción de inocencia, isto é, calquera encausado non ten a obriga de demostrar a non comisión do delicto que se lle imputa, senón que son os tribunais os que deben demostrar a súa culpabilidade. As novas publicadas na prensa durante toda a semana pasada, salvo raras excepcións, vulneraban gravemente este principio.
- 3.- A intencional relación entre a actividade sindical dos compañeiros detidos e as supostas accións violentas que se lle imputan supoñen un intento de criminalización dun modelo sindical combativo, asembleario e de base que se rexe exclusivamente pola defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras.
- 4.- Reclamamos a inmediata posta en liberdade do compañeiro Telmo e o cesamento da campaña represiva que o sindicalismo asembleario e de base está a sufrir tanto en Galiza como no conxunto do Estado Español.

Â